


GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA



XUNTA
DE GALICIA

CONTEM **PORÁNEAS**

SET-NOV 24

MIRADAS NA MEMORIA

Ensemble Música Práctica & Abraham Cupeiro

15 SETEMBRO | 19H | 60 MIN
MUSEO CENTRO GAIÁS



- Regina Laza, violín
- Fernando Buide, piano
- Manuel Lorenzo, violonchelo
- Alejandro Sanz, percusión
- Abraham Cupeiro, solista multiinstrumentista

Programa:

(interpretado sen pausas)

- Karlheinz Stockhausen (1928-2007). *TIERKREIS. Aquarius*
- Joseba Torre (1968). *MÚSICA DE CÁMARA II*
- Karlheinz Stockhausen. *TIERKREIS. Géminis*
- Leonardo Balada (1933). *CUATRIS*
- Karlheinz Stockhausen. *TIERKREIS. Libra*
- Fernando Buide (1980). *A CONSTELACIÓN DE SAXITARIO*. Con Abraham Cupeiro, solista. **OBRA EN ESTREA**

Un percorrido pola creación musical máis recente da man do ensemble Música Práctica que culmina nunha obra en estrea de Fernando Buide, especificamente escrita para o multiinstrumentista Abraham Cupeiro, invitado de honra do concerto.

Miradas na memoria é o título que engloba un programa no que escoitaremos composicións de Leonardo Balada (Cataluña), Joseba Torre (País Vasco) e Fernando Buide (Galicia), tres compositores contemporáneos aos que uniu Pittsburgh, a cidade do aceiro. Intercalados neste concerto sen pausas, soarán fragmentos do *Zodiaco* do alemán Karlheinz Stockhausen.

Pechará a actuación a *Constelación de Sagitario* de Fernando Buide, encargo conxunto da Quincena Musical de San Sebastián e a Fundación Cidade da

Cultura a través dos seus programas de apoio á creación artística. Nesta obra, Abraham Cupeiro tocará varios dos instrumentos ancestrais que vén recuperando: o carnyx celta, o aulos grego e o cornu romano, así como bucinas mariñas, presentes en tantas culturas sonoras. Unha constelación que permite resoar en nós un mundo perdido e agora recobrado.

ENSEMBLE MÚSICA PRÁCTICA. Baseado nun enfoque artístico versátil, Música Práctica é un ensemble que adapta a súa estrutura a proxectos concretos. O seu foco está na música de creación actual, abordando un abano estilístico extenso. Entre as súas iniciativas anteriores poden atoparse desde un concerto de compositores españois e estadounidenses a proxectos didácticos interdisciplinarios. Naceu como iniciativa conxunta do compositor Fernando Buide e membros da Orquestra Sinfónica de Galicia, e tivo a súa presentación como ensemble nun festival internacional dentro da Quincena Musical de San Sebastián.

ABRAHAM CUPEIRO (Sarria, 1980). Músico internacional cunha traxectoria persoal e única que ten colaborado con artistas como Patricia Kopatchinskaja, o director de cinema Steven Spielberg e tamén con orquestras como a Royal Philharmonic Orchestra. O seu traballo, tanto como intérprete e como luthier, levouno a recuperar multitude de instrumentos de culturas ancestrais. A día de hoxe é quizais unha das caras máis recoñecibles do panorama musical de Galicia, ademais de colaborador habitual en radio e televisión.

MUDAR A PEL

Andrés Rodrigues, Llorián García e Mari Luz Esteban

18 OUTUBRO | 20H | 45 MIN

MUSEO CENTRO GAIÁS



Mudar a pel é unha obra na que as imaxes, os sons e a palabra son os vehículos para transmitir á audiencia aspectos da sociedade actual obxecto da investigación antropolóxica.

Nun mundo que está revolto —afectado por pandemias, violencias de todo tipo, degradación ambiental, desigualdades extremas, vulneración de dereitos, etc.— a nosa “pel psicolóxico-emocional”, aquela que ten que ver cos sentidos, co contacto, as voces, os cheiros, os obxectos coñecidos, e que nos dá seguridade cando sentimos que o mundo se cambalea baixo os nosos pés, está ferida.

Como exercicio de exploración ao redor desta ferida e das posibilidades de sandala, a profesora e investigadora Mari Luz Esteban, o musicólogo e gaiteiro Llorián García, e o historiador e artista sonoro Andrés Rodríguez afondan nas conexións entre antropoloxía, arte, música e literatura para presentar unha experiencia que se sente co corpo enteiro. Unha vivencia física que acompaña no campo do sensible o necesario proceso de reorganización e redefinición do social que se estuda desde a academia.

O proxecto é resultado da primeira residencia de investigación e experimentación artística impulsada en colaboración entre a Fundación Cidade da Cultura e o Instituto de Ciencias do Patrimonio dentro do programa de Residencias Artísticas do Gaiás (REGA).

MARI LUZ ESTEBAN deu hai máis de 25 anos o salto da medicina á antropoloxía social. Profesora na Universidade do País Vasco, coordina o grupo de investigación AFIT-Antropología Feminista Ikerketa Taldea. Autora de numerosas publicacións no campo da saúde, o corpo,

as emocións, o amor e o feminismo, entre elas: *Antropología del cuerpo. Género, itinerarios corporales, identidad y cambio*, e *Crítica del pensamiento amoroso* (Edicions Bellaterra, 2004 y 2011).

LLORIÁN GARCÍA FLÓREZ.

Etnomusicólogo e *gaiteru*, a súa liña de investigación indaga nas potencialidades dos movementos de revitalización musical/sonora como lugares de disputa sensorial e cognitiva, ao tempo que traballa con imaxinarios da simultaneidade sonora e do acompañamento, como o *floriar*, unha das formas de acompañar a voz que se dan na práctica da gaita asturiana.

ANDRÉS RODRIGUES. Artista, músico e performer especializado en antropoloxía do corpo e na exploración sonora desde unha radicalidade analítica non hexemónica. No apartado musical, traballou en proxectos que vinculan a música experimental, ambiental e industrial coa tradicional, con grupos como Niño de Elche, Caldo, Os Rabizos ou Pablo Und Destruktion. Por outra banda, participou, dirixiu e colaborou en proxectos de investigación nos ámbitos asturiano, galego e bretón.

THE FOUR SEASONS RECOMPOSED

Real Filharmonía de Galicia

16 NOVEMBRO | 20H | 45 MIN
MUSEO CENTRO GAIÁS



REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

- **Baldur Brönnimann**, director
- **James Dahlgren**, violín

Programa:

Antonio Vivaldi / Max Richter: *The Four Seasons Recomposed*

A Real Filharmonía de Galicia pecha *Ópticas contemporáneas 2024* cun concerto especial no que interpretará, baixo a dirección de Baldur Brönnimann, a obra *The Four Seasons Recomposed*, de Max Richter. O famoso compositor británico-alemán reimaxina nesta peza *As catro estacións de Vivaldi* desde unha aproximación minimalista que combina instrumentación clásica e electrónica.

A obra deconstrúe a partitura clásica “nota a nota” sen renunciar á súa esencia. É posible recoñecer frases do orixinal —aínda que Richter afirma que desbotou tres cuartas partes do material de Vivaldi na súa recomposición—, e a tonalidade de cada estación mantense en todo momento.

The Four Seasons Recomposed estreouse no ano 2012 nun concerto da Britten Sinfonia e desde entón ten sido interpretada por incontables grupos e orquestras en todo o mundo. Ademais, a obra logrou un renovado interese recentemente, cando a aparición de «Spring 1» ao final da primeira tempada da exitosa serie de Netflix, *Bridgerton*, fixo viral o tema nas redes sociais.

Max Richter está considerado hoxe en día como un dos compositores máis influentes para toda a xeración máis nova de músicos pola súa fusión de música clásica con electrónica, que levou

a numerosas bandas sonoras de cine e televisión nos últimos anos (*Arrival*, *Ad Astra*, *The Leftovers*, *Black Mirror*, entre outras moitas).

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA. A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde xaneiro de 2023, o seu director titular e artístico, e Sebastian Zinca é o director asistente durante o ano 2024. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

BALDUR BRÖNNIMANN. Director musical e artístico da Real Filharmonía de Galicia. Naceu en Suíza e reside en Madrid desde hai máis de 13 anos. Baldur formouse na Academia de Música da Cidade de Basilea e no Royal Northern College of Music de Manchester, onde posteriormente foi nomeado titor visitante de dirección. É unha persoa profundamente comprometida coa relevancia da música clásica na sociedade e coa creación actual, sendo moi activo como comisario de novas obras, de diferentes festivais e ciclos, así como coa divulgación e formación de novos músicos e público.



REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA
CONSORCIO DE SANTIAGO

ARTICAS

CONTEMPORÁNEAS

15 Set '24 | 19h

MIRADAS NA MEMORIA

**Ensemble Música Práctica
& Abraham Cupeiro**

18 Out '24 | 20h

MUDAR A PEL

**Andrés Rodríguez, Llorián García
e Mari Luz Esteban**

16 Nov '24 | 20h

THE FOUR SEASONS RECOMPOSED

Real Filharmonía de Galicia

**Baldur Brönnimann, director
James Dahlgren, violín**

Museo Centro Gaiás

Entradas 9€ (5€: *Mudar a pel*)
en [Ataquilla.com](https://ataquilla.com). Descontos aplicables.
Este programa pode estar suxeito a cambios

Máis info en cidadedacultura.gal



XUNTA
DE GALICIA